



D. XESÚS FERRO COUSELO, CONDE CORBAL E O OURENSE MONUMENTAL

Xulio Fernández Senra

Ourense, ágora permanente de cultura, foi considerada durante moitos anos a Atenas galega, pola calidade e cantidade de intelectuais e artistas que xera-


ción dun día adicado as nosas letras. Nacía así o Día das Letras Galegas. Trinta e dous anos despois desa data e vinte despois do seu pasamento, a Real Academia Galega acorda adicar a Ferro Couselo tal día do ano 1996. Mal pensaba el que o acordo tomado a raíz da súa proposta ía a concernerlle directamente.

Os que pola súa idade non tiveron ocasión de coñecer a fondo a D. X. Ferro Couselo e a súa obra, normalmente teñen unha idea vaga da importancia e transcendencia dos seus numerosos traballos, que cando se comezan a coñecer, chaman a atención pola rigurosidade e variedade temática. Arqueoloxía, etnografía, histo-

penosa paréntese madrileña durante a guerra civil, recala en Ourense, cidade que non abandonará e da que será nomeado fillo adoptivo. Establecido en Ourense, comeza unha longa e fructífera época na que percorre e estuda os aspectos máis diversos da cultura do noso povo. Biblioteca Pública, Arquivo Histórico Provincial, Instituto e Museo Arqueolóxico, conservan aínda vivas as súas pegadas. En todas estas institucións deixou a súa impronta de home "bo e xeneroso", de obxectivo e imparcial, e como non, de loitador pola nosa cultura. Todos os que o trataron e tiveron a sorte de traballar con el confirmáronnos todos e cada un destes aspectos da súa personalidade. Home que rexeitaba as adulacións e parabéns, facía o traballo do xeito que lle dictaba o seu entendemento. Proba diso é que cando a defensa dos intereses xerais o requería non dubidou en abandeirar posturas ríxidas e intransixentes en contra de aqueles que, con boa intención en moitos casos, pero sen dúbida errados, defendían posturas que atentaban contra o interese patrimonial e cultural da nosa cidade.

A súa loita sempre foi pura, xenerosa e comprometida, aportando ideas e solucións para un desenvolvemento racional da nosa cidade e provincia, e impedindo todo tipo de actuacións atentatorias contra o noso patrimonio ou a nosa cultura.

Buscando datos fidedignos sobre a súa vida e obra, puxémonos en contacto con Xosé Conde Corbal, unha das persoas que máis estreitamente colaborou con el



Portada de "El Orense Monumental".
Cedido pola Biblioteca da Deputación Provincial.

ba. Ferro Couselo, pontevedrés de nacemento e ourensán de adopción, investigador, defensor a ultranza e voceiro da arte, cultura e tradicións populares galegas, viviu nesta cidade durante moitos anos e foi un dos intelectuais que contribuíron a enriquecer o seu patrimonio cultural.

O día 3 de Maio de 1963, como membro da Real Academia Galega, propón, xuntamente con Fernández del Riego, a instaura-

ción dun día adicado as nosas letras. Nacía así o Día das Letras Galegas. Trinta e dous anos despois desa data e vinte despois do seu pasamento, a Real Academia Galega acorda adicar a Ferro Couselo tal día do ano 1996. Mal pensaba el que o acordo tomado a raíz da súa proposta ía a concernerlle directamente.

Nado en Valga (Pontevedra), con unha fondísima e variada formación académica, logo dunha

na loita por conseguir desenrolar e promocionar equilibrada e racionalmente a nosa provincia. Recordando aquela época coas súas anécdotas, non exentas de nostalxia, compartimos con Conde Corbal e a súa dona Margarita, toda unha chuviosa mañá domingueira no seu estudio-mirador sobre a ría de Vilagarcía de Arousa. Traballos, descubrimentos, loitas, ledicias ou disgustos, compartidos con D. Xesús e outros amigos, foron pasando, como unha película pola lúcida mente de Conde Corbal, que con verbas cálidas e garimosas nos ía facendo co-partícipes das súas lembranzas, das ilusións compartidas por Ourense... e como non polo "OURENSE MONUMENTAL":

...a finais dos anos

cinquenta, unha vez que fora para o Grove, Xacobe Varela Feijóo metérame un paquete. Era material para que pintara acuarelas. Púxenme a pintar cousas de diferente tipo. Non sabía o que era unha exposición. Fun a Ourense expoñer e foi todo un éxito. Vendín 15 cuadros... Estes foron os meus comezos no mundo da pintura.

Máis adiante D. Ricardo Outeiriño chamoume para que lle fixera ilustracións para o periódico. Inda lembro o primeiro día que fun. Estaba Huete e preguntoume que quería.

-Veño a traer estes traballos que me pediu D. Ricardo.

-Agarde un momento- dixo colléndome os debuxos que levaba.

Nesto chega D. Vicente Risco e ao ver os debuxos preguntoulle a Huete:

-¿E isto, quen o fixo?

-Aquel que está alí.

Despois de examinar detidamente aqueles debuxos, acercouse a min e preguntoume:

-¿Esto para que é?

- Non sei. Pediumo D. Ricardo.

- ¿A vostede importarlle que lle puxese algunhas notas debaixo?...

E así foi como comezou a nosa colaboración e o que máis tarde sería "O Ourense Perdurable".

Cando o traballo comezaba a tomar corpo, é cando entra en acción Ferro



Ferro, Elisa Fdez-Pousa e Conde Corbal coa Igrexa de Santa María de Castrelo ao fondo.

Couselo. Fíxolle a introducción histórico-detallista. Risco non trataba eses temas. El trataba a parte estética e costumista.

A partir de aquí empezou a ir a miúdo pola casa..., vía os meus traballos..., gustábanlle os debuxos..., facía comentarios sobre os mesmos dunha forma natural e desenfadada. Sen retórica algunha... Deste xeito foi como comezou a desenrolarse a nosa colaboración... Eu facía os debuxos sen pre-indicación algunha. Cando atopaba algún rincón ou algún monumento que me chamaba atención debuxábao. Despois viña Risco e facía os comentarios. Con aquel traballo pasamos horas e horas... Era un home encantador.

A partir de "O Ourense perdurable" comezamos a ter unha relación e un

trato bastante intenso. Empezamos a traballar no proxecto de "DEL OURENSE MONUMENTAL" que logo sería publicado pola CAIXA DE AFORROS DE OURENSE. Organizábase excursións para visitar os monumentos da provincia. Ás veces eu quedábame a dormir no pobo para ver o efecto do mencer. A visión que se ten pola mañá coas primeiras luces da alba, é totalmente diferente. A combinación de luces e sombras fai unhas relevs extraordinarios...

Con Ferro visitamos e estudamos San Esteban, Santa Cristina, S. Pedro de Rocas... e tantos outros lugares.


Lembro unha vez que fomos visitar o mosteiro do "POMBEIRO". Íamos a pé dende os Peares, paseando e falando, Ferro, Failde e máis persoas





Mapa turístico da Provincia de Ourense. Conde Corbal.

“Xa estaba o edificio máis ou menos acondicionado, cando acordamos organizar unha exposición de posibilidades turísticas da provincia de Ourense”.



que non lembro agora. Contounos que nunha visita de inspección que fixeran os superiores da Orden ao mosteiro, atoparon que era dual. Había homes e mulleres. O escándalo foi de aupa. Cando os inspectores se marchaban para presentala denuncia ante os seus superiores en París, agardáronos nun dos meandros do miño, onde hoxe están os embalses e cascáronlle. Dous deles conseguiron escapar e foron os que contaron o conto.


Aquelas viaxes eran maravillosas. Ó rematar xuntabámonos nalgunha tasca, facíamos a nosa particular festa gastronómica e voltábamos para Ourense todos contentos. Ferro despois facía unhas fichas que me pasaba a través de Elisa a súa secretaria e eu facía os debuxos.

Era un pozo de saber. Coñecía o habido e por haber. Lémbrome que tiña un coñecemento da catedral impresionante. Tiña dela unha visión moi particular. El foi o que me deu a coñecer a calidade e riqueza dos Cristos Románicos.

Ferro recomendárame a Chamoso Lamas para que colaborase con el nunha exposición sobre o Románico

que con motivo do Ano Santo se ía a organizar en Santiago. A exposición era sobre o Románico Español, pero a verdade é que predominaba o Románico Galego, do que había abundantísimas referencias. Para esta exposición estudamos o Cristo da Catedral de Ourense e lémbrome que dentro atopámos follas de La Región. Fora unha moi boa exposición. De aquí de Ourense tamén leváramos o Cristo de Santa Eulalia e o Cristo de Vilanova, entre outros. Desta exposición nunca se me esquecerá unha anécdota. Viñera a inaugurarla Franco. Cando viu o altar petreo de Ribas de Sil, soltou unha exclama-

ción alusiva a súa monumentalidade. Entón o responsable do Ministerio, non tivo ningunha idea



“Pasamento de Amil”, Conde Corbal.
Ferro Couselo e Xaquín Lorenzo levan a Conde Corbal ofrecido no cadaleito.



máis brillante que apostillar: **“Excelencia, hoy tenemos canteros capaces de hacer esto y mucho más”**. Ser, serían capaces de facelo.

O que xa dúbido é que fosen capaces de ter a fé ou pór a alma que fora posta naquel traballo.

Por aquela época foi cando Ferro conseguiu o edificio actual do museo. Traballou día e noite, Sábados e Domingos, cando fixo falla, para botalo a andar e acondicionalo adecuadamente. Eu chamáballe o museo dos acertixos. Cada día que avanzabamos no seu acondicionamento atopabamos unha cousa nova. Por eso moitas veces nos preguntabamos ¿Que atoparemos mañá? Aquelo era un labor continua. Íamos descubriendo cousas. Íamoslle dando forma. Para eso Ferro era moi minucioso. Non se lle pasaba detalle.

Cando andabamos arreglando e acondicionando o edificio, Ferro afirmaba, por indicios que el atopara, que na plazuela da Magdalena debiera haber algún cemiterio. Máis tarde, ao facer obras de acondicionamento da plazuela, confirmouse a súa teoría ó atopar distintos restos de sepulturas.

“Tríptico 3”, Conde Corbal.

Ferro Couselo cos escritores galegos.



Unha vez tivemos unha discusión sobre unha palmera que había no patio. Aquelo metíase conmigo. ¿Que pintaba aquel tipo de árbore nun patio románico? Eu sempre dicíalle: *Un día ségoa polo pé*. El sempre me respostaba o mesmo:

Non, non que cando a puxeron aquí, con algún senso a porían.

Xa estaba o edificio máis ou menos acondicionado, cando acordamos organizar unha exposición de posibilidades turísticas da provincia de Ourense. A idea fora de Ferro, pero el dicía que era miña. Nestas historias sempre era eu o da **“culpa”**. Organizámola no museo e el deunos liberdade para facela como quixeramos. O primeiro que se nos ocorreu foi montar dúas tabernas no interior. Para nós unha exposición sobre as posibilidades turísticas da nosa provincia sen tabernas non tiña sentido. Trouxemos viños de toda a provincia: Valdeorras, Ribeiro, Monterrei. Cando Ferro foi solicitar o permiso para a exposición e comentou que íamos a montar dúas tabernas o responsable de conceder o permiso en Madrid –non me lembro que cargo tiña– non daba creto o que ouvía e debeu pensar que estaba borracho. Acaboulle dicindo: *“D. Jesús, no le importaría a usted volver mañana”*. Na exposición montamos fotografías e cuadros creo recordar que tamén expuxeran Huete e J. Luís de

Dios. Foi o primer intento serio de dar a coñecer o noso patrimonio, que ademais de ser descoñecido non estaba debidamente estudado.

A raíz daquela exposición, o Museo editou un folleto: “Descubra Usted Orense. 1ª Exposición de posibilidades turísticas”.

Aquelo foi dalgún xeito un adianto do turismo rural que agora ten tanto auxe. Realmente non pasou do proxecto. Nos pensabamos que a descuberta dunha zona arqueolóxica ou a recuperación dun mosteiro, poño por caso, traía consigo un labor de divulgación. Por eso pensamos que as estancias requirían unhas aloxamentos cerca dos lugares a visitar. Nós non pensamos nunca no gran turismo. Pensamos nun turismo rural, cultural, incluso de caza e pesca para aproveitar os nosos ríos e encoros. Realmente pensabamos no aproveitamento da realidade monumental, arqueolóxica, cinexética ou gastronómica, se se quere, da nosa provincia. Certamente naquel tempo foi visto como unha utopía.

Ferro non era un home que lle gostase sobresaír ou aparecer en primeiro plano. Era un home sinxelo. Era un traballador nato e un pozo de sabiduría. Canto máis coñecementos tiña, máis interese sen-



tía polas cousas. Na súa cabeza sempre andaban a bulir ideas novas. Lémbrome que houbo un tempo en que se adicou a estudar o río Limia e todo o que lle concernía. ¡Cánto se fartou de estudar e buscar documentación!

A ventaxa de traballar con el era que nos daba unha liberdade completa e ademais poñíanos en contacto con xente de moito valer, coa que se podía traballar a gusto e aprender un montón.

Era un home moi minucioso en todo o que facía. Coas publicacións era unha cousa seria. Supervisaba per-



"Intelectuais da Ría de Arousa", Conde Corbal.
Ferro Couselo cos intelectuais máis importantes da Ría de Arousa.

soalmente as planchas en Tanco, na imprenta. Ademais era moi detallista. Rebuscaba tipos de letra nos caixóns. Cambiaba a tipografía. Había

unhas letras capitais preciosas, seguramente proviñan de imprentas de antigos mosteiros.

Era un home bo e xeneroso. Atendía a todo o mundo por igual. Non tiña ningún tipo de prexuízos. Gostáballe falar e relacionarse con todos. El sempre dicía que Ourense era unha universidade popular na que non se pagaban taxas. Dicía que donde máis se aprendía era nas rúas. Gostáballe moito cando íamos de viños falar de todo e con todos...

¿Que máis podo dicir de Ferro...? Foi un gran home que nunca tivo o recoñecemento que de verdade se merecía e que parece vai a ter agora vinte anos despois do seu pasamento.

Vilagarcía 24 de Marzo de 1996



"Entierro de D. Ramón", Conde Corbal.
Vemos a Ferro no ángulo superior dereito, entre as figuras da porta da Catedral.